

GALO SALINAS RODRÍGUEZ

DRAMÁTICA GALLEGA

404 @ 300

# BODAS DE OURO


Diálogo festivo pra actriz e actor de caráute,  
escrito n-a fala gallega, con cuya obra iniciouse  
en Galicia.

## O Teatro da Naturaleza



A Cruña, Setembro de 1921

Imprenta Obrera — 3, Socorro, 3



# DRAMÁTICA GALLEGA BODAS DE OURO

Diálogo festivo pra actriz e actor de caráute, composto  
y escrito n-a fala gallega por

Galo Salinas Rodríguez

Estrenouse este diálogo n-o teatro Linares Rivas, da Gruña  
n-a noite do 17 do mes de San Xuan de 1921, interpretado  
por unha seición do cuadro dramático do coro cruñés

## CÁNTIGAS DA TERRA

Repetiuose n-a vila de Carballo o 25 do dito mes, e  
representada n-o 24 do mes de Santiago n-a vila de  
:--: :-: Cambre pra inaugurar e fundar o :-: :-:

## TEATRO DA NATURALEZA

: N-o 28 de Agosto, fixose de novo en Mondariz :



LA CORUÑA  
TIPOGRÁFICA OBRERA CORUÑESA  
3 — SOCORRO — 3

1921

E PROPIEDADE DO AUTOR.  
QUEDA FEITO O DEPÓSITO  
QUE MARCA A LEY.

---

# Saûdo a Cambre

Con motivo de sere programado Vila, e da  
inauguración do «Teatro de la Naturaleza», por  
CÁNTIGAS DA TERRA

*Cambre, lugar feiticeiro  
d'esta adourada Galicia,  
o paraíso do mundo  
que a Providencia devina  
colocóu n-esta nación  
entre as boas a escollida;  
hoxe Cántigas da Terra  
que ten por sua devisa  
honrar á pequena patria  
dentro e fora da terraña,  
con lealtá y entusiasmo  
dache un cramoñoso ¡viva!  
para festexar o honor  
de seres chamado vila,  
cumprimentando n-o Alcalde  
ó Concello que administra.*

*Y é tan grande d'estes mozos  
o contento que os anima,  
que escollen pra ben do arte,  
da música e poesía,  
vosas fragas pra teatro  
da natureza, onde vibran  
c'os cantares que enardecen  
as comedias que cautivan,  
pra que falas e aturuxos  
os leven as nosas brisas  
e os espallen pol-as terras*

*do lonxe, desconocidas,  
e adeprenden canto val  
nosa heróica Galicia  
que non ten fillos cobardes,  
pro si meiguiceiras fillas  
que non hay rexión algúnhia  
que as presente mais garridas.*

*Hoxe, pol-a vez primeira,  
veñen Orfeo e Talía  
a celebrar seu casoiro  
n-a libertá das campías,  
cabéndolle a o noso coro  
a groria da iniciativa;  
e o sol, lumeante n-a escena,  
como lámpara votiva,  
bendiz esta unión por culta,  
edificante e artística.*

*Así, pois, da nosa alma  
chea de santa ledicia,  
saén voces entusiastas  
que din gratas e sentidas:  
¡Viva Cántigas da Terra,  
enxebre entidade inviúta..!  
¡Eih, rapaces, viva Cambre..!  
¡Gallegos, viva Galicia..!*

GALO SALINAS.

A Cruña, 24 de Santiago de 1921.

# BODAS DE OURO

## REPARTO

### PRESOAXES

MARI PEPA — 68 anos

XOSE MARIA — 70 anos

### ACTORES

*Señorita Orlinda Rey*

*Señor Manuel Lemus*

(Do coro crunés CÁNTIGAS DA TERRA)

### Disposición da escena

Direita y esquerda do actor.—Fondo e bastidores de campo, por diante dos que corre un muro como de dous metros de alto figurando un corral,—Segundo termo direita, porta de entrada; segundo termo esquerda, porta que leva á cuadra.—Primeiro termo, esquerda casa con alpendre e bancos de pedra ós cantos da porta e outro de madeira ou ben cadeiras módestas fora e baixo do emparrado n-o que haberá unha corda con roupa a enxoitar.—Fondo, n-o centro, puzo e o seu canto un lavadoiro e outro banco tamén de pedra.—Son as seis da sera y en de se erguendo o pano Mari Pepa anda n-a roupa e canta alternando e fala, ó pouco entra Xoxé María montado n-unha burra e a muller acode ó seu chamento.—Onde non houbera modo de representare a burra, fágase a escena n-a porta da entrada, figurando Xosé María, que traerá as alforxas ó lombo, que lle da as rendas á Mari Pepa, que sal e volve á entrar de seguida, faguendo como se dí todo e demási.



## ACTO UNICO - ESCENA UNICA

---

MARI-PEPA E XOSÉ MARÍA

(*Maripepa anda n-a roupa e canta*)

- MARÍA «Eu teño un can de palleiro  
que de noite anda ceivado...»
- Falando) ¡Ogallá fose él certo pra llo ceivare, cando  
cheque, á ese condergado!... (Canta)  
«e que lle roe as canelas  
ô mozo millor prantado...»
- (Falando) Non ô mozo, senón ô vello había de lle  
roere as canelas, as coxas e hastra... ¡Dios Padre  
perdóeme o pecado que iba decir! (Dóndes de drento berra  
Xosé María que logo entra n-a escena montado n-unha burra que tiralle  
dis rendas a vella. —Fora das acotaciós marcadas, os actores poidense  
remexer como o teñan por comenteñer erguéndose, sentándose ou paseando).
- XOSÉ ¡Mari-Pepa... ouh, Mari-Pepa!...
- MARÍA ¡Gracias á Dios que xa está acól!... ¡Xosé María... es  
tí, Xosé María? (Berrando)
- XOSÉ Son, muller, son; ábreme a porta e bota unha man à  
burra que nin o diaño que a faga andar  
Mari Pepa, franquea a porta direita, bota as mans as rendas da burra e así  
cruzan a escena hastra a porta da cuadra onde Xosé María apéase tamba-  
leándose, tira as alforxas e as pouxa n-o banco de pedra do fondo., —A burra  
desaparece).
- MARÍA ¡A modo, ho! Soyo faltaba que tras de vire ás mil e  
cincocentas, chegaras non como conviña, pro si como  
con viño! ...

- XOSÉ Cala, muller, que está xuncras de burra á pouco  
dame un disgusto sobre do susto que por mor d'ela  
levei! (Vénen ó centro).
- MARÍA ¿E d'aquela que che pasou?
- XOSÉ Víñamos subindo a costa de Eiris, entrando cuase  
n-o Portazgo, cando tras de nos rinchou o burro  
d'unha lavandeira, que mesmo parecía que o enfor-  
caban.
- MARÍA Había de sere co a calore.
- XOSÉ Sería, e a burra tamén debía de tel-a porque respon-  
deulle n-o mesmo son.
- MARÍA Anque seña as bestas téñenche boa crianza.
- XOSÉ Non cho disminto; máis o conto foi que de repente  
dou unha carreira o burro, ergueuse despavorido,  
pousou as patas sobre do meu lombo botando fogo  
pol-as ventas; a burra escomenzou a dare couces, e  
mentres burra e burro rinchaban, os sacos da roupa,  
a lavandeira e más eu rolábamos pol-o chan dando  
tamén berridos, por modo que aquelo parecía a fin  
do mundo.
- MARÍA ¡Ay, Xesús! ¿Y eso que sería?
- XOSÉ Pois, nada, que os burros quixerón, pol-o visto,  
faguer unha burrada c pagámola nós.
- MARÍA ¿E magoácheste?
- XOSÉ Como que debo de tere un cadril con traxe de loito,  
e por certo que hasme de dare unhas fregas con  
aceite, viñagre, sal e pementa.
- MARÍA ¡Home, nin que se tratase de unha ensalada!
- XOSÉ E que dóeme que laya... A vere, tí que estás más a  
xeito ropárame ben o que teño. (Fai como que desabotóase  
os calzós).
- MARÍA ¡Ay, Xosé-María!... ¿Tí que vas faguer? Entremos  
n-a casa non veña alguén e...
- XOSÉ Tes razón, logo curarásme; pro sentemos un pouco  
que da gusto o estare á soma do emparrado. (sentánse  
n-as cadeiras).
- MARÍA Ben, pro á todo esto ainda me non dixeches pol-o que  
tardaches tanto.
- XOSE A eso vou.—Cousas que lle á un pasan.
- MARÍA Tí, saiches de Almeiras ás seis do amañecido con-  
tando con estare n-a casa ás doce, pois ainda que o  
camiño faise en duas horas ida e volta, quedábanche  
entro pra te desocupare,

- XOSÉ Pra eso non pricsei tanto tempo; pro é que os asuntos comprícanse.
- MARÍA Non levabas outro que o de pagar a contribuzón e traguer unhas cousas da Comparativa
- XOSÉ Como o fixen, e voute contar todo.
- MARÍA Conta, pois.
- XOSÉ As sete estaba xa n-a Cruña e fun deixal-a burra n-a cuadra da Porta d'Arriba, máis como as oficinas non as abren hastra as dez, chegueime ó Campo da Leña por sere hoxe sábado e día de mercado; d'alo marchei á mercar o teu, e por derradeira á pagal-o imposto.
- MARÍA E xa quedaches libre.
- XOSÉ Xa, mais o demo as enreda.
- MARÍA E a ti saleute á enredar o demo.
- XOSÉ Saleu... E decir, o demo non saleume, pro si o noso coñapadre Fuco de Taboada.
- MARÍA ¡Acabáramos! E como o tal é tan pavero pilloute pol-a sua conta.
- XOSÉ Acertaches: fixose comigo xa habían de sere as once e díxome: — ¡Cá, vostede non se vai agora, que teña pacencia a comadre, non faltaba mais!
- MARÍA Estouno ouvindo, e tí que eres un badanas...
- XOSÉ Eu disculpeime, pro él nin por esas: — Mire — faloume — vostede vense onde eu o leve, tomamos de ver-mute unhas cunquiñas do Riveiro pra faguer boca e de seguida imos á unha pousada de Santa Catalina onde amañan uns callos con chourizos que mesmo resocitan.
- MARÍA Como callos á tí non che faltan.
- XOSE Si, mail-os meus fanme doel-os dedos dos pés, e os outros fanme chuchar os das mans.
- MARÍA ¡Non sexas descarado! ¿E fuches?
- XOSE Xa ves, o amigo Fuco é un bon vasallo, non deixa de nos faguer un favor se á man ven, e como vémonos moi de tarde en tarde non pareceume ben o non contentalo.
- MARÍA Y eu acó consumíndome y esperándote sin chegares hastra agora que son as seis da sera, é decir, doce horas fora da casa... Mira, Xosé María, non sei como tuveches calleira pra me deixare soya tanto tempo.
- XOSE Si, Maripepa, tes razón.
- MARÍA Supoño que a enchente non durou todo o día.

- XOSE Non, muller, foi outra enredada.  
MARÍA ¡Vou pensar que eres un vello gaiteiro!  
XOSE Logo dos callos fumos ó café y entre éste, o cigarro puro untado de ron pra sere más forte e a copiña de coñaque, daban as tres da sera cando pasábamos pol-a calle Rial ó tempo que batía o timbre do cine, pois había sesión da tarde  
MARÍA ¿E tuveches valor de entrar?  
XOSE Eu non quería pro, xa ves, Fuco...  
MARÍA ¡Qué Fuco nin que faco...! ¡Deixa estare quecando lle bote o ollo enriba...!  
XOSE Non fagas tal cousa, porque él é home cabal que inda lembrouse de tí e mándache un regaliño.  
MARÍA ¿Qué cousa e?  
XOSE Nas alforxas ven; logo o verás.  
MARÍA Ben, entraches n-o cine ¿e qué?  
XOSE Tomamos duas butacas, pro non estaban xuntas pois había moita xente, así que él quedouse n-as derradeiras e á min tocoume o catro da carta.  
MARÍA ¿Qué carta e que catro? ¿Xogábadés á baraxa?  
XOSE O asento número catro da carta ringleira.  
MARÍA ¡Ah, xa coímprendo!  
XOSE Tocou a música, quedou o salón ás escuras, escomenzaron as vistas y eu de pé.  
MARÍA ¿Pro non dis que tiñas asento?  
XOSE Verás: A min marcáronme sitio, pro non tiña onde, me sentare, pol-o que os de d'atrás berraban.. «¡Fora... fora... que se sente ese peludo...!»  
MARÍA Eso non sería por tí.  
XOSE Claro que por min era.  
MARÍA D'aquela diríante pelado porque de peludo pouco tés.  
XOSE Chegou un acomodador c'unha linterna pra me avisar que sentárame, ¿e onde? díxenlle, y él d'aquela passoume a man pol-a centura. ¡Eih, amigo, berreille, párese n-o camiño! Estonces volvے a luz, baixou unha táboa que estaba alzada no respaldar e senteime.  
MARÍA ¡Sempre descurrindo cousas novas!  
XOSE N-o entretanto chegai on unha señora, unha mocinha e un rapaz que tiñan os números dous, seis e oito da miña fila, e arre que lle deixase o meu sitio ó mozo, e arre que eu non quería, por medo a outro rebumbio do púbrico, o caso é que dé novó foise a luz y escomenzaron as vistas.

MARIA Pol-o que por fin quedáchedes en paz.

XOSE ¿En paz? Que mais quixera eu. Atopábame todo embabiolado vendo o que aparecía n-o lenzo, cando notei que andábanme pol-as costas e pol-o peito faguéndome cóchegas, e que remexíanme n-as pernas cal que se fose un can, e vai e que fixen, propareime e ó tempo que co-as poutas prendía dous brazos, larguei c'os pés un par de couces tan fortes que á un mesmo tempo sintíronse dous berridos, un de femia e outro de macho, seguidos de duas verbes da mais fina crianza: ¡Qué bárbaro! ¡Qué animal!

MARIA ¡Asústasme..! ¿E que fora?

XOSE Cuase que nada, que os brazos que eu prendera e as pernas que eu couceara eran os da mocía e os do mocío que, pol-o visto, brincaban ás apalpadelas y eu estropeáralles o xogo.

MARIA ¡Inda che non vín outra igual!

XOSE O rapaz que estaba ó meu rentes, prendeume pol-o gañote e apretándomo dixo en baixa voz: «¡En canto alcandan de novo vostede vense fora comigo, porque vouno á estomballar do mesmo xeito que a min esfoloume.

MARIA ¡Qué barbaridade! ¿E tí que respondiches?

XOSE Eu dixen pra míñ: non hay que se faguer pequeno, e contesteille: «Faga o que quixere, pro eu manifestarei a berros que vostede e mail-a sua compañeira entiandanse c'as pernas como os do fotobol».

MARIA ¡Moy ben falado!

XOSE D'aquela, mais a modiño, díxome: «Mire, peisano, a vostede e mais a min coido que tennos conta que me deixe o seu asento e ainda llo estimarei. Esta señrita e miña noiva, e...» Non lle respondín nin verba, erguinme, deixeille o sitio e todos contentos.

MARIA Mais valeu así.

XOSE Agora, Mari-Pepa, aténdeme, porque non sei como che referire as cousas que vin n-o tal cine, pois arruapiaseme o cabelo e se me alcenden de vergonza as meixelas, solasmentes de lembralo.

MARIA ¡Home non será pra tanto!

XOSE Vai vendo: No primeiro houbo un choque de coches do ferrocarril, con morte do maquinista e viaxeiros; logo un incendio tirándose a xente pol-os balcós; de seguida un lobo que devoraba un neno; despois un

areplano que caeu no mar sobre d'un barco índose os dous ó fondo; asesinatos por enmascarados; persecuciós de ladrós; un aforcado...

MARIA ¡Cala, cala por Dios que esta noite vou á soñar con todo eso...! Debían de prohibir esas vistas que á uns lles dan medo e á outros lles poñen mal corazón!

XOSE ¿Poil-as outras? Xa verás. Apareceu un salón moy alegante e luxoso, e unha morea de señoritingos, todos eles de pitifraque, paseando c'unhas madamiñas que daba noxo de velas.

MARIA ¿E logo, eran tan feas?

XOSE Non, pro levaban uns vestidos, se tal podíasellos chamar, que da centura pra riba terían tres dedos de pano, deixando en descuberto a espalda e mail-a contra, toda inteira, o mais degolladas posibre; as faldras por diante levábanas pol-as coxas y en troques por detrás arrastraban ben as suas tres varas.

MARIA Vamos, sí, o pano que tiraban da peituga e das canellas botában de rabo... ¡Valentes pouca lacha! Vaya unhas madres de familia. E despois moito de aspaventos e de vergonza pra o que non debian de tela.

XOSE E ben certo, muller; e ademais tumbábanse n-os sofás cruzando unha perna sobre da outra, estendíanas, lambían caramelos, chimpaban copiñas de licor e mais fumaban... je beilaban o tángano tan apregadas ós homes que..!

MARIA Non fales más d'eso Xosé María, que se á esas lles din señoritas. ó raposo más raposo poidéselle chamar carneiro e á raposa galiña.

XOSE Por eso dígoche que doume noxo e vergonza, asi que, cando chegou o descanso despedimme de Fuco e fun pol-a burra tardándezome o chegar á casa.

MARIA Fixeches o que un home decente. (Pausa)

XOSE ¿E por acó houbo novedá?

MARIA Houbo e á pouco non sucede unha boa disgracia.

XOSE ¡Ay, muller, conta!

MARIA Sobre do medio dia xuntáronse os mozos n-o souto c'o aquel de figurar unha corrida de touros.

XOSE Que é outro entr'tementos civilizador.

MARIA N-eso estaban, cando meteuse entre d'eles unha vaca e media.

XOSE ¡Cómo vaca e media!

MARIA Si, home, unha vaca co a cuchiña.

- XOSE Vamos, sí, co a cría.
- MARÍA Eso mesmo.—Tentoulle o demo ô fiilo de Brandarís d' capeala co a chaqu ta e d'aquela a vaca, coidando que se lle melsan co a cucha, dou un pulo y envisteteuno; o rapaz deu en correr y ela persigueuno, e cando todo asustado trepaba por un árbre, meteuille un corno por salva sea la parte, que pra se curare de vez vai tere que estare deitado boca a baixo sei que todo o que resta do ano.
- XOSE Déixasme pampo! ¡D'aquela causoulle moito mal?
- MARÍA Dín que fixolle un furado que lle entra unha mazaraca de mainzo con barbas e cañoto, con perdón.
- XOSE ¡Cañoto! digo eu. Pois si, que estará adevertido.
- MARÍA Pol-o demáis non houbo outra cousa.
- XOSE ¡E xa me non parece pouco!
- MARÍA Ben ¿Lembrácheste de canto encarregueite?
- XOSE Sí, eiqui ven todo. (Vai pol-as alfórxas, e primeiramente tira d'elas un paqueté, l'ento d'este paquete venen d'us mais pequeno-, contendo cada unha media branca e outra media negra, de muller, e decir, que son doux pares, un negro e outro branco, pro envoltos desaparellados; dalle un paquetiño a María e ó seu tempo ó outro pra faguer o xogo escénico).
- MARÍA ¿Tes á man o que mándame o compadre?
- XOSE Prende nél, ehi vai (Da le un paquete) Parécemme que han de sere medias.
- MARÍA Home, Dios llo pague, mesmo adeviñou o que necesitaba pois co a calore xa se non resisten as de lán e non téñoche outras. (Desfai o paquetiño e atópase c'unha media branca e outra negra) ¿Pro, esto, qui é? (Pasmada).
- XOSE Xa cho dixen, medias.
- MARÍA Eso, sí; pro ropara, a unha é branca e a outra negra... ¡Estas son chuscadas do déngaro de Fuco de Taboada! (Alritada)
- XOSE ¡E mais, sí! Pro eso non importa; en de cambealas de pernas cada día, xa está.
- MARÍA ¿E tí coidas que voume vestire de Antroido?
- XOSE Non, muller, de branco e negro, é a moda.
- MARÍA ¡Soyo falla que véniasme con runfras..! Non, pois que se garde de min, hame de ouvir.
- XOSE Cala, muller, non te incomodes que eu verei de trocalas.. Eiqui hay outro paquetiño. (Desenvólveo e tira outras duas medias branca e negra).
- MARÍA Outra monería, estouno vendo... ¡Non pois!..

- XOSE ¡Ouh, acó están as compañeiras...! (Mari Pepa as aparella e quedan os pares iguales).
- MARIA ¿D'aquela mándame dous pares?.. Trai acó que vounas aparellar... Aínda móstrase rumboso Fuquiño, porque son boas.
- XOSE ¿Non decías que era unha chuscada? O que pasou é que n-a tenda trabucáronse.
- MARIA Poida sere, mais esto de viren soparadolos dous pares, chéirame a paverada de Fuco.
- XOSE Eso é o de menos; de todos xeitos regaloute.
- MARIA Cousa que non fas ti... A ver o demais. (Erguense).
- XOSE Ehi tes: medio quilo de arroz, un quilo de azucré e unha onza de canela en rama. (Dalle os paquetes que tira das alforxas)
- MARIA Está ben... (Os recolle e os pousa no banco)
- XOSE ¿E pra que queres tanta cantidade?
- MARIA Porque pra festexar o día de mañán amañaremos un polo e farei arroz con leite.
- XOSE ¡Ah, sí, pol-a festa do Corpus en Cambre!
- MARIA Non, por outra cousa. ¿Qué día e hoxe?
- XOSE Hoxe é sábado.
- MARIA ¿Pro de que mes e de que ano?
- XOSE Dezanove de San Xuan de mil novecentos vinte.
- MARIA ¿E mañán, que día é?
- XOSE ¿Sei que tómاسme por reportorio?
- MARIA ¿E mañán, que día é, contéstame?
- XOSE Domingo, vinte de San Xuan de mil e novecentos e vinte. (Mari Pepa dis con triste sorriso)
- MARIA ¿E non fas memoria? ¿Esta data non che lembra nada, Xosé María? (Algo chorosa) (Xosé María quedase un pouco pensativo e dí moy sentido)
- XOSE ¡E mais, sí, Mari Pepa; tal día casámonos!...
- MARIA No vinte de San Xuan de mil oito centos satenta.
- XOSE ¡Fai cincuenta anos! (Movendo a testa)
- MARIA Ti tiñas vinte y eu dezaoito; éramos cuase que uns nenos e xa andamos nos satenta.
- XOSE ¡Cincuenta anos... medio siglo... as nosas bodas de ouro...! (Como falando consigo)
- MARIA Que eu lémbrote porque quizais pra outro ano ..
- XOSE ¡Medio siglo... cincuenta anos... as nosa bodas de ouro...! ¡Qué vellos somos, mulleriña!
- MARIA E que soyos estamos n-o mundo, meu homiño!
- XOSE E verdade; o noso fillo Farruco aló morreu n-as

- Américas; a nosa filla María deixou este mundo cando iba á aparellar c'o mozo que, namorado, por dona a escollera...! ¡Non sei como soportamos tanto delor! (Moi a tristecido)
- MARIA ¡Nos sostivo a forza do noso cariño!
- XOSE Y é a que nos sostén, porque eu, Mari-Pepa, estimote como n-as primeiras horas do noso santo xuntoiro, que son as más ditasas da vida, porque n-elas hay un momento n-o que realizanse as verdadeiras bodas de ouro, que é aquel n-o que os que ámanse de corazón danse o primeiro bico de amor.
- MARIA Estes cincoenta anos foron sempre pra nos aquelas primeiras horas; eu tamén quérote moito.
- XOSE Conformémonos xa que o pasado xa pasou.
- MARIA E demos gracias a Dios que danos un bon pasar, sin moitos padecementos e queréndonos como se ainda agora fósemos noivos.
- XOSE Así é... ¿Lémbraste, Mari Pepa, de cando eu rondábase, as tolerías que faguía? (Transición)
- MARIA ¡Vaiche boa! Non había rueiro n-o que non andiveras a morradas con cantos mirábanme.
- XOSE E que tí eras linda e un pouco amiga de me dare cova, como agora dín.
- MARIA E tí tamén un fachendoso e coidabas que moza a quen falaras era xa pan comido.
- XOSE Como comido non, pro tí como pan non o había mais fino en todo o lugar.
- MARIA ¿E cando os sábados ibasme de tuna?
- XOSE Costábame bon traballo que me abrisel-a porta.
- MARIA Tí chegabas, tosías, ceivabas un aturuxo, petabas con toda a forza nas táboas...
- XOSE E tí respondías: «¿Quén vai?», como se non soupeses que era eu quen tumbaba.
- MARIA Decías «¿El hay candela pra alcender un cigarro?»
- XOSE E contestábasme: «¡Xa matámol-o lume!» Y eu «¿Non quedarían faiscas n-a borralleira?»
- MARIA E aló salía eu a te franqueal-a porta pra nos pasarmos duas horas fala que te fala.
- XOSE E loitando e turrando, pro sin intencíós (Esto díño entre risas e muy compracidos)
- MARIA Pro adevirticíós como as das fiadas non as hay.
- XOSE Eso, sí: despois da enchente n-a cocíña a parrandada n-a cuadra sobre do esquilme, o baile co-as

- cónchegas e mail-o pandeiro e os xogos de prendas.
- MARIA Como o do espello e o dos pratos, que quen non é listo císcase c'o ferruxe da chamineya.
- XOSE E más o de corra o lorcho, que unha vez que á mí tocoume e non o puiden o esconder, déronme n-o lombo c'un fachico de palla que tiña unha pedra n-o medio, que mesmo derreáronmo e quedei sin folgos e á pouco vou á tísis.
- MARIA Hay que confesare que os mozos algueireiros sonno, pro brutos tamén o son.
- XOSE E sin embargo, quén nos dera n-aquela idade; más ese tempo xa fuxiu e non volverá nin por un milagre.
- MARIA ¡Quén sabe se será millor así!
- XOSE Que che sei eu, muller: a vellez e tristeza, a moçadez ledicia; os vellos baixan as costas como buscando a cova n-a que pra sempre han de se deitaren... os mozos erguen a testa ollando o curuto mais outo onde poidan treparon. ¡Son estremos que non se atopan: o que ven e o que vaise!
- MARIA Ben, non cabiles nin nos entriztezamos: imos deixar aló drento estas cousas, e logo se o quixeremos, daremos unha voltiña pol-o campo antes de nos retizarmos.
- XOSE Como tí queiras, muller (Recollen todo e van entrar n-a casa deténdose ó ouvir a gaita o lonxe que vense achegando, e por veces escranciños e os aturuxos que dan os mozos, pro de modo que non maten a voz dos interlocutores. Chegados á porta do corral páranse e ó seu tempo cantan non en voz muy alta para que se entenda o que fálase n-a escena).
- MARIA Escoita, deben de sere os da troula que van pra a festa de mañán en Cambre.
- XOSE Deben de ser sí... (Vai a porta que abre, e berra:) ¡Rapaces, eih rapaces... parádevos!
- MARIA ¿Que intentas, Xoxé María?
- XOSE ¡Déixame, Mari Pepa...! ¡E a vida que pasa e quero que párese n-a porta aberta da nosa vivenda, pra que por ela penetren ares de xuventude, d'esa xuventude que será tromentosa e rebelde, pro que non ten dobreces nin perfidias, porque toda ela é alma e corazón.
- MARIA ¡Si meu velliño, bendecida sexa a mozarría que trainos canciós pra faguer ledas as nosas bodas de ouro! (Xosé berra)
- XOSE ¡Mociños, dade ós ventos cántigas da terra; a nosa

Alborada, a nosa Muñeira, o noso Alalááá, todo o que queirades, pro cantade e convidareivos...! (A Mari-Pepa E tí, miña vella compañoira, a vere se ainda atopas resistencia pra botar unha beilada! (Unha voz berradeas de dentro)

Voz ¡Eih, viva Almeiras, viva Cambre!...

XOSE (Enardecido) ¡Viva Galicia que é a nai...! (As voces responden)

VOCES ¡Vivaaa! (Mari Pepa e Xosé María pretendan beilar pro non poiden emocionarse e mental-los mozos drento cantan o compás da gaita hasta despois de caír o pano o que tuveran por conveniente, pro moi a modiño, os vellos bótanse un n-los brazos do outro e conmovidos dinse:)

MARIA ¡Fóisenos o noso tempo!

XOSE ¡Miña Mari Pepa...!

MARIA ¡Meu Xosé María..!

*Cae o pano a modiño.*

### Fin do diálogo



## **Referencias de la prensa local, en 26 de Julio de 1921**

### *La Voz de Galicia.*

«A las once de la mañana y en el soto conocido por el «Outeiro», la sección de declamación de «Cántigas» representó sobre un escenario levantado al aire libre, una hermosa obra original de D. Galo Salinas, e interpretó luego el coro muchos números de su repertorio que, como aquella, fueron aplaudidísimos.

### *El Noroeste.*

Allí, en pleno campo, al aire libre, en un improvisado tablado que se había colocado estratégicamente, se estrenó una hermosa comedia en un acto y en gallego, titulada «Bodas de ouro», original del distinguido literato don Galo Salinas Rodríguez. Agradó mucho a todos el ingenioso diálogo del señor Salinas, siendo muy aplaudido. Este primer ensayo del Teatro de la Naturaleza tuvo un éxito completo que debe repetirse.

### *El Orzán.*

En el soto de Outeiro, próximo a Cambre, se celebró anteayer la fiesta organizada por el coro «Cántigas da Terra».

Los excursionistas fueron recibidos en la estación de Cambre con música y cohetes y desde allí se trasladaron al hermoso soto do Outeiro, en el camino de Cela, donde se celebró la representación al aire libre conforme al programa anunciado. El ensayo del «Teatro de la Naturaleza» resultó muy interesante y el soto presentaba un aspecto muy curioso.

### *El Ideal Gallego*

En Cambre esperaban a éstos el alcalde D. Joaquín Balado el secretario del Ayuntamiento D. José Rilo, cura párroco D. Julio Mengotti y una charanga que ejecutó un pasodoble a la llegada del tren.

Las ovaciones fueron estruendosas al final de la lectura de poesías de D. Galo Salinas saludando a Cambre, al terminar el diálogo en gallego «Bodas de ouro» del mismo autor e interpretado admirablemente por la señorita Orlinda Ríos y Manuel Lemus y a las conclusiones de las foliadas, alalás, ruadas y otros cantos regionales primorosamente ejecutados por el coro «Cántigas da Terra», en el que tomaron parte cinco bellas jóvenes vistiendo todos ellos el típico traje del país.

Felicitamos a la excelente agrupación coral «Cántigas da Terra» y a su junta directiva, por la iniciativa y feliz realización de tan hermoso festival.

# Obras dramáticas y otras de D. Galo Salinas

## EN GALLEGO

**A Torre de Peito Burdejo.**—Drama histórico, n-un acto y en verso,— Premiado n-a Cruña en 1890.

**¡Filla...!**—Comedia dramática de costumes gallegas, n-un acto y en verso. Premiada en Pontevedra en 1892.

**Feramar.**—Drama tráxico da praya, n-un acto y en prosa. Premiado en Santiago en 1907. —Foi traducido ó castelá pol-o seu autor.

**Sabela.**—Comedia de costumes gallegas n-un acto y en prosa. —Premiado en Santiago en 1907. —Foi tamén vertido ó castelá pol-o seu autor.

**A Fidalga.**—Poema idílico-dramático presentado n-un prólogo-epílogo: *O conto do abolito*, e tres xornadas en prosa, nomeadas *O amanecer*, *O mediodía*, *O anochecer*.

**Alma Gallega.**—Triptico simbólico-dramático, presentado en tres cuadros nomeados: *O ciclo*, *A madriña* e *A nai terra*, en prosa, e un epílogo: *Deus fratresque Galleciae*, en verso en 'casilabo.

**Entre dous mundos.**—Comedia pasional n-un acto y en prosa, cuyo argumento desenvólvese n-a alta mar sobre da cuberta d'un trasatlántico.

**Contrabando e contrabanda.**—Comedia festiva n-un acto y en prosa.

**O crime da silveira.**—Entremés humorístico n-un acto y en prosa.

**Vós e nós.**—Rapsodia trax.-cómica, sin música. Humorada en dous cuadros y en prosa.

**Copas e bastos.**—Sainete de feitos gallegos, n-un acto y en prosa.

**Honor golfesco.**—Diálogo n-un paso y en prosa, pra dama e galán mozos. —Traducida pol-o seu autor á fala castelá

**Bodas de ouro.**—Diálogo festivo n-un paso y en prosa, pra actriz e actor de caráute.

**Os meus amores.**—Monólogo humorístico n-un paso y en prosa, pra actor de caráute

*Oures y espadas: Sainete de feitos gallegos. Acto*  
**EN CASTELLANO**

**La expiación de un sacrificio.**—Drama en dos actos y en verso.

**Martirio sin palma.**—Segunda parte de *La expiación de un sacrificio*. Drama en dos actos y en verso.

**¡Emancipad!**—Drama en tres actos y en prosa, con un prólogo juicio.

**El bloqueo.**—Juguete cómico en un acto y en verso.

**Gloriosa derrota.**—Diálogo pasional en un acto y en prosa.

**El lujo de la miseria.**—Comedia en un acto y en prosa.

**La huelga.**—Monólogo dramático para primer actor, en un acto y en verso heróico.

**El etosnudo.**—Monólogo en verso y en un acto para primera actriz.  
**El primer puro.**—Monólogo en un acto y en verso para galán joven.  
**El Cristo de Limpias.**—Comedia dramática en un acto y en prosa.  
**IRedimidol**—Comedia social en un acto y en prosa.  
**¡Hasta los muñecos aman,!**—(*Autómatas cosmopolitas*).—Historietá frívola-filosófica representable, de marionetas vivientes, en prosa y verso, con un prólogo expositivo, y desarrollada en dos partes y varios capítulos.

## ZARZUELAS

**El crimen del justo.**—Drama lírico en prosa y verso, de asunto genuinamente gallego, en cuatro cuadros y un epílogo apoteosis.  
**El curandero.**—Comedia lírica en prosa y verso, en tres cuadros y un bailable final. Asunto esencialmente gallego.

**Entre o deber e o querer.**—Zarzuela en dous cuadros en verso e prosa, composta c' o as cántigas da rexión.  
**¡Coida non cho creben,!**—Entretemento lírico u-un acto, en prosa e verso con música da terra

## VARIAS

### EN GALLEGO

**¡Lénda de horrorel**—(*A mitra do ferro ardente*). Poema dramático e verso.  
**Andresa.**—Novela da montaña.  
**Favorito.**—Poema dramático en verso.  
**¡Galicia,!**—Himno rexional, música do maestro Varela Silvari.

### EN CASTELLANO

**Lo que puede el honor.**—Novela.  
**La Dramática Gallega.**—Lucubraciones.  
**El regionalismo gallego.**—Estudio crítico.  
**Plumadas.**—Críticas y juicios literarios.

## BILINGÜES

**Horas de vigilia.**—Poesías en castellano y gallego.  
**Horas de huelga.**—Cuentos en gallego y castellano.


Con posterioridad a Castellanos.


"**Entre dos coplas.**"—Comedia ~~gallega~~ en Dos actos y en prosa.  
"La victoria devencida."—Comedia en Un acto y en prosa.  
"Del Atlántico al Pacífico."—Diálogo madrileño, 1 acto y en verso.  
"Tras la hilba la piedra."—Comedia lírica para niños, 1 acto, verso y prosa.

Gallejas).

"Ouros y espadas": Comedia en un acto y en prosa.

"Rillotadas" (fillerías) Comedia en un acto y en prosa.





Precio: UNA peseta

REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

13422

Biblioteca